

**AO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA,
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

Don JULIO DÍAZ ESCOLANTE, con D.N.I. nº 33.858.617H e domicilio a efectos de notificación Rúa San Roque nº 94-98, entr. esquerdo, 27002, de Lugo, actuando na súa condición de presidente autonómico do Sindicato de Ensinanza ANPE en GALICIA, tal e como acredita ca correspondente certificación que se acompaña como documento nº 1, ante esta autoridade comparezo e como mellor proceda en dereito, **DIGO**:

PRIMEIRO.- Que por ORDE do 14 de febreiro de 2025 convocáronse procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- A Consellería, co proceso xa convocado e sen aviso previo nin xustificación normativa algunha, cambiou o acceso ás CONSULTAS PÚBLICAS, determinado un acceso restrinxido que vulnera os dereitos fundamentais de transparencia e representación sindical, supón unha limitación inxustificada do dereito á información e unha nova mostra de opacidade na actuación da administración, tendente a evitar a fiscalización da súa actuación en procesos selectivos nos que debe rexer unha total transparencia e publicidade que garanta o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

O artigo 55.2 do EBEP esixe que os procesos selectivos se desenvolvan con transparencia e publicidade, debendo garantirse a imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección, e a independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos mesmos. A vixilancia do cumprimento de ditos principios é unha das funcións propias dos sindicatos,

e para o cumprimento de dita función fiscalizadora e dos referidos principios de transparencia e publicidade, debe procederse á publicación de listas, cualificacións, criterios, instrucións, avisos do tribunal, etc., e o acceso a dita información debe estar dispoñible tanto para os aspirantes como para as organizacións sindicais, que teñen dereito a acceder á información que afecte aos procesos selectivos e a realizar seguimento destes procesos na defensa dos dereitos das persoas aspirantes e do persoal funcionario, en moitos casos afiliados propios, sendo esta unha función de control da legalidade do proceso recoñecida constitucionalmente e amparada no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o Estatuto Básico do Empregado Público, no que se regula para os sindicatos un réxime xurídico específico de acceso á información, en concreto, na previsión contida no artigo 40.1 TREBEP, que prevé os ámbitos nos que poden e deben recibir información, isto é, sobre a política de persoal, así como sobre os datos referentes á evolución das retribucións, evolución probable do emprego no ámbito correspondente e programas de mellora do rendemento (Sentenza do TS do 11 xuño de 2020).

TERCEIRO.- No existe normativa algunha que prohiba a publicación e acceso aos datos dos procesos selectivos cuxa consulta se restrinxe pola administración, é mais, a orde que regula os procesos selectivos recolle a publicidade na web da consellería.

O art. 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno -LT-, reconece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública. E é o art. 13 LT o que se encarga de delimitar o concepto de información pública *"Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións."*

A LT establece unha regra xeral consistente en que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública *"nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución española, desenvolvidos por esta lei"*, ente elas, os sindicatos, que como xa se expuxo, están suxeitos a un réxime xurídico específico de acceso á información derivado das disposicións contidas no do

RDLeg 5/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o Estatuto Básico do Empregado Público.

O TS tivo ocasión de afirmar en diferentes sentenzas que, con carácter xeral, os límites ao acceso á información pública deben ser interpretados de forma restritiva. Para tal efecto, en Sentenza do TS de 16 outubro de 2017, e Sentenza do TS de 10 marzo de 2020, sinalou que:

- “(...) *La formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013 -EDL 2013/232606- como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1, sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información.*”

Solo son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas, así o dispón o art. 14.2 LT, que sinala:

- “(...) 2. *La aplicación de los límites será justificada y proporcionada a su objeto y finalidad de protección y atenderá a las circunstancias del caso concreto, especialmente a la concurrencia de un interés público o privado superior que justifique el acceso*”. Por tanto, *la posibilidad de limitar el derecho de acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la Administración y solo resulta posible cuando concurra uno de los supuestos legalmente establecido, que aparezca debidamente acreditado por quien lo invoca y resulte proporcionado y limitado por su objeto y finalidad*”

Respecto ao posible conflito entre a transparencia da información pública e a protección de datos de carácter persoal a que se refire o artigo 15 LT, a Sentenza do TS de 16 decembro de 2019, confirma que non é aplicable o límite referido á protección de datos cando o acceso á información afecta a datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento e actividade pública do órgano, datos que nos procesos selectivos son públicos, podendo a administración ocultar parcialmente aqueles datos que se consideren coma de especial protección, como fai no caso dos NIF.

Polo tanto, este acceso restrinxido supón un grave retroceso en materia de transparencia e vai en contra do establecido na Lei 19/2013 de transparencia que ampara o dereito da cidadanía a coñecer como se xestiona o acceso á función pública, polo que, dende ANPE esiximos a rectificación inmediata e restitución do principio de publicidade como garantía de obxectividade.

Polo exposto,

SOLICITO: Que tendo por presentado este escrito, se admita e conforme ao seu contido, se permita á organización sindical que represento o acceso á información dos procesos selectivos convocados pola ORDE do 14 de febreiro de 2025 (listas, cualificacións, criterios, instrucións, avisos do tribunal, etc.), para poder levar a acabo a función de control da legalidade, e do cumprimentos dos principios de igualdade, mérito e capacidade, no desenvolvemento dos mesmos, así como a de información e asesoramento aos seus afiliados que participan nos mesmos.

En Lugo a 22 de xullo de 2025.